




# RÍO SOR DESDE MONTE DA ÍNSUA


Adela Leiro, Mon Daporta





**Distancia:** 7 km (circular)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 3 horas



Nos derradeiros tramos do seu percorrido, o río Sor, obligado polo releve de altas paredes rochosas, da varias viravoltas antes de abrirse á ría do Barqueiro. Para cubrir unha distancia de 3 km en liña recta fai un percorrido de máis de 12 km nos que vai de oeste a leste, logo ao norte para volver ao suroeste e de alí ao norte e ao oeste outra vez para abrirse no esteiro e volver ao norte para saír ao mar. Neste espazo hai varias posibilidades de camiñar preto da corrente un deles e do nosa proposta, unha camiñada circular duns 7 km.




## COMO CHEGAR

Desde Ribeiras do Sor (Mañón) ou desde As Negradas (O Vicedo) achegámonos ao Morgallón e desde alí baixamos a Monte da Insua.


## PERCORRIDO

Comezamos a camiñada ao pé da ponte pola que desde o Morgallón se accede ao lugar de Monte da Insua de Baixo, para ir remontando o curso do río durante uns 4 km por carreiros de pescadores e algúns tramos acondicionados nos que temos a ocasión de gozar da transparencia da auga, do movemento, a luz e o son dos rápidos, da escasa vexetación arbórea autóctona que se conserva nas zonas más escarpadas do val, varios atrancos, a fervenza que forma na súa desembocadura o rego de Muronovo, e un curioso sistema de cadeira colgante para cruzar o río (non está en funcionamento) ata chegarmos á ponte de Por da Tronca ou do Ulló donde rematamos o percorrido pola beira do río para facer os 3 km de volta por unha pista asfaltada que a media ladeira e polo medio da monotonía das plantacións de eucaliptos, entre as que só quedan algúns grandes toxos e uces, e preto das zonas con más luz, ao pé da pista, medran ou resiten algúns pequenos carballos. Neste tramo de volta escoitamos más que vemos, ocasionalmente, no fondo do val, o río, ata chegar ás proximidades da localidade de Monte da Insua de Baixo na que o espazo se abre á pequena chaira de terras de labor do lugar onde rematamos a andaina.

Desde as Ribeiras do Sor tamén se pode remontar o río por unha pista que corre ao seu pé ata o límite do concello e seguir un algo máis alá por carreiros de pescadores.




Cadeira mecánica para cruzar o río



Ponte de Ulló ou de Por da Tronca



Ribeiras do Sor



Fervenza na desembocadura do rego de Muronovo no Sor

